



D. Plácido Álvarez Dobaño, D. José Miguel Caride Domínguez e D^a Monserrat Lama Novoa, na súa condición de portavoces dos grupos provinciais do Partido Popular, Democracia Ourense e Ciudadanos na Deputación de Ourense, en base ao previsto nos artigos 91e 97 do R.O.F., e de acordo á Lei de Bases Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presentan a seguinte **MOCIÓN CONXUNTA PARA A DEFENSA DOS SERVIZOS DO HOSPITAL COMARCAL DE VERÍN E A REPROBACIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE, D. RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, para o seu debate no pleno da Corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación de Ourense, sobre a base do artigo 141 da Constitución española, desenvolve as súas obrigas como administración autónoma da provincia co obxectivo prioritario do servizo aos pequenos concellos, mediante o desenvolvemento de plans, programas e liñas de axuda coas que respostar ás necesidades dos municipios ourensáns e da súa veciñanza.

Máis aló das obrigas legais, a Deputación de Ourense tense manifestado, a través dos acordos adoptados pola corporación provincial en Pleno e a iniciativa de todos os grupos políticos, a favor de moi diversas cuestións consideradas fundamentais para o futuro do noso rural e a calidade de vida dos seus habitantes.

Unha axeitada asistencia sanitaria é un deses servizos esenciais que deben ser defendidos, para que a veciñanza do rural ourensán teña garantida a mesma atención que os habitantes da capital.

Con independencia de criterios técnicos e científicos defendidos por profesionais da sanidade, o anunciado peche do paritorio do hospital comarcal de Verín non contribúe a garantir a igualdade de oportunidades e disfrutar dos servizos que a poboación demanda para unha digna calidade de vida nas comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras.



Con todo, unha cuestión tan sensible para a veciñanza como a sanidade non pode ser utilizada, e baixo ningún concepto manipulada, para obter réditos políticos por parte daquelas formacións ás que a cidadanía non lle outorgou a súa confianza para gobernar.

Moito menos aínda por persoas, que non políticos, que amosan a máis absoluta falta de ética e principios, como o portavoz do grupo provincial socialista, Rafael Rodríguez Villarino, que non dubida en procurar fins partidistas manipulando, falseando e mentindo no contexto dunha reivindicación social.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do Partido Popular, Democracia Ourense e Ciudadanos proponen os seguintes

ACORDOS

- 1.-** Pedir á Consellería de Sanidade que dote, manteña e mellore os servizos que se viñan prestando no hospital comarcal de Verín para garantir a calidade asistencial da veciñanza no oriente ourensán, nomeadamente do servizo de paritorio.
- 2.-** Reprobar ao portavoz do grupo provincial socialista, Rafael Rodríguez Villarino, pola súa desprezable práctica política de manipulación, mentira e insulto que ven de facer como representante do PSdeG-PSOE na corporación provincial, e nomeadamente polo rexeitable rédito político que está a procurar cun tema de tanta sensibilidade social como o peche do paritorio do hospital comarcal de Verín.
- 3.-** Dar traslado destes acordos á presidencia da Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, dirección do Sergas, xerencia do CHUO, profesionais médicos e sanitarios do hospital comarcal de Verín e aos colexios profesionais de médicos e enfermería de Ourense, así como aos concellos, partidos políticos con representación municipal e axentes sociais e económicos das zonas afectadas

Ourense, 2 de decembro de 2019



Asinado:

D. Plácido Álvarez Dobaño

Portavoz do grupo provincial do Partido Popular

D. José Miguel Caride Domínguez

Portavoz do grupo provincial de Democracia Ourense

D^a Monserrat Lama Nova

Portavoz do grupo provincial de Ciudadanos

A/A. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE